

---

# Mirador das pontes do Avia

Detrás do Museo Etnolóxico, pódense ver: a Ponte de Ferro do ano 1881 (estilo Eiffel), feita para unir o ferrocarril entre Ourense e Vigo. Este trazado vai cosido a veira do río Miño, e constitúe un das mais fermosas da Península Ibérica, pasa a carón do conxunto histórico de Ribadavia cruzando o río Avia. Moi preto, río arriba, dando entrada a Ribadavia atópase a Ponte de San Francisco (s. XIII-XIX) ao pé do edificio conventual (s. XVII) de San Francisco.

**URL de orixe:** <http://turismoribadavia.com/node/142>